

As coordinadoras da Marcha Mundial das Mulleres de Galiza, EH e Catalunya, xuntas contra Gallardón

SERMOS GALIZA :: 18/03/2014

Las coordinadoras de la Marcha Mundial de las Mujeres de Galiza, EH y Cataluña exigen "soberanía sobre sus cuerpos y sus vidas"

Galego

Porque carrexaría un problema de saúde pública ao incrementar o número de abortos clandestinos; porque supón "unha volta á minoría de idade das mulleres"; porque as grávidas que queiran decidir sobre a súa maternidade "necesitarán varios informes psiquiátricos"; porque ampara a "discriminación" das mulleres con menos diñeiro ou menos información; ou porque deixa nunha situación de "inseguridade" @s profesionais da saúde que teñen que avalar o aborto ou que o van practicar.

Son só algúns dos motivos que as coordinadoras da Galiza, de Euskal Herria e da Catalunya da Marcha Mundial das Mulleres debullaron nun manifesto conxunto en que esixen que o anteproxecto que o ministro español de Xustiza, Alberto Ruíz-Gallardón, filtrou á prensa, non chegue a se presentar.

No documento, entitulado O noso corpo, o noso territorio, rexeitan de maneira taxativa o anteproxecto anunciado durante un Consello de ministr@s en decembro de 2013 como preámbulo dunha lei que mudaría de nome: Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo (aprobada en 2010 e vixente na actualidade) a Lei orgánica de protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada.

Limitar a obxección de conciencia na sanidade pública

No propio nome, as intencións. De se centrar na saúde sexual e reprodutiva pasa a se centrar "na vida do concebido" e nos dereitos das mulleres "embarazadas". Grosso modo, o que permite o actual sistema de prazos é que as grávidas interrompan o seu embarazo durante as primeiras 14 semanas sen alegar motivo nengún máis aló da súa libre decisión.

Porén, o texto de Gallardón elimina esta posibilidade e establece unha norma de supostos en que só haberá dúas posibilidades despenalizadas: violación --previa denuncia-- e "grave risco" para a vida da nai, valorado en todo caso por persoal médico.

Fronte a estes criterios, que supoñen un retroceso até os anos 60 nos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, as coordinadoras galega, basca e catalana da Marcha Mundial das Mulleres esixen para elas "soberanía sobre os seus corpos e sobre as súas vidas", así como a regulación da obxección de conciencia na sanidade pública ou que a educación afectivo-sexual-emocional pase a facer parte do currículo escolar no ensino público.ç

Castellano

Porque acarrearía un problema de salud pública al incrementar el número de abortos clandestinos; porque supone "una vuelta a la minoría de edad de las mujeres"; porque las embarazadas que quieran decidir sobre su maternidad "necesitarán varios informes psiquiátricos"; porque ampara la "discriminación" de las mujeres con menos dinero o menos información; o porque deja en una situación de "inseguridad" a las profesionales de salud que tienen que avalar el aborto o que lo van a practicar.

Son sólo algunos de los motivos que las coordinadoras de Galiza, de Euskal Herria y de Catalunya de la Marcha Mundial de las Mujeres desgranaron en un manifiesto conjunto en que exigen que el anteproyecto que el ministro español de Justicia, Alberto Ruiz-Gallardón, filtró a la prensa, no se llegue a presentar.

En el documento, titulado Nuestro cuerpo, nuestro territorio, rechazan de manera taxativa el anteproyecto anunciado durante un Consejo de ministr@s en diciembre de 2013 como preámbulo de una ley que cambiaría de nombre: Ley de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo (aprobada en 2010 y vigente en la actualidad) la Ley orgánica de protección de la vida del concebido y de los derechos de la mujer embarazada.

Limitar la objeción de conciencia en la sanidad pública

En el propio nombre, las intenciones. De centrarse en la salud sexual y reproductiva pasa a centrarse "en la vida del concebido" y en los derechos de las mujeres "embarazadas". Grosso modo, lo que permite el actual sistema de plazos es que las embarazadas interrumpan su embarazo durante las primeras 14 semanas sin alegar ningún motivo más allá de su libre decisión.

Sin embargo, el texto de Gallardón elimina esta posibilidad y establece una norma de supuestos en que sólo habrá dos posibilidades despenalizadas: violación --previa denuncia-- y "grave riesgo" para la vida de la madre, valorado en todo caso por personal médico.

Frente a estos criterios, que suponen un retroceso hasta los años 60 en los derechos sexuales y reproductivos de las mujeres, las coordinadoras galega, vasca y catalana de la Marcha Mundial de las Mujeres exigen para ellas "soberanía sobre sus cuerpos y sobre sus vidas", así como la regulación de la objeción de conciencia en la sanidad pública o que la educación afectivo-sexual-emocional pase a formar parte del currículum escolar en la educación pública.

<https://galiza.lahaine.org/as-coordenadoras-da-marcha-mundial-das-m>